



OU ZANFONA SEMANAL—D^r ALEGRIAS OU DE BÁGOAS,—SEGUN QU^r O POBO GALLEG
S^r ADIVIRTE, CANTA OU LAYA.

PRECIOS DE SUSCRICION

N-a Cruña, OITO cadelos pequenos ó mes—Fora NOVE id.—Número solto UN can grande

!MOI SÁBEA E A PROVIDENCIA!

Non hai verdá mais grande qu^r a qu^r estam os repetindo todolos dias cuasque de maioría e na qu^r o mesmo tempo apenas nos fixamos. Quien non habrá repetido por calquer motivo aquelo de *moi siba é a providencia*.

Esta ver lá que se demostra outras tantas veces como dis que peca o xusto no dia, faise tan palpabre na nosa pobracion, vémol-a tan amiudo e sentimola tantas veces qu^r a penas facemos caso nin reparamos nela.

Si non fora pol-a sabeluci d'a providencia qu^r o ver as medidas perparato ins d' a xunta de sanitá, pra recibirmos o vran, e ver os desvelos, traballos e fatigas que pasan pra sanear a pobracion e librala por todolos medios imixinibres e qu^r están o se u alcecer, d' as consecuencias que tran sempr' as calores, si non fora por éla que nos pillou d' a sua man e mándanos en ves de dias de Xunio días d' o Nadal, algúns hasta con frio e tollo, non sabemos qu^r houberá sido de nos, andando com' andá a policia urbana.

Non é abondo que se barran as calles, algúndas élas duas ou tres veces ó dia: é necesario algo mais.

E necesario qu^r ó chegar este tempo en qu^r as calores debian apertar, nos alcóntrase perparados pra recibilos sin ningunha cras de recelo nin temor.

Qu'a xunta de Sanil lá tomara as medidas que debía, porque val mais un *porsi acaso que cenguen o dirán*. Qu^r os vecíños mesmos en ves de poñer custáculos á qu^r esta cumprira com' era debido, foran os primeiros en axurlala, é caido así non o fixese, denunciá ante a opinión pública pra que se soupeste como cumplrian os que debían velar pol-a súa salut e á quen había que pedir contas e facer cargos e eisivir responsabridás o dia que por disgracia tuverámos d' hóspede calquera d' eses viaxeiros de vran que tantos estragos fan n-as pobraciones á que chegan e doule a policia urbana é letra morta.

Qué seria de nasoutros con un vran caluroso, escasos como estamos d' augas potabres e d' a hixene pública que temos si lle dera agarrade vir e establecerse por ambas Atocias, Campo d' Artillería ou n-outros barrios en donde más que viven lis de persoas semellan solo d' animás.

Pra entonces habiña de ser os campobres, d' aquela tomariánse medidas que pol-a presa e por seren fora de tempo quizais desen peor resultado e qu^r en ves d' acortar o mal aiuda o au tentasen, escagallando o que debía estar xanto, noi habría santo que non se puxese en novena, e éles con moi tira razón farianse os xordos botándose a costa de que non se debe axular á quen nos axula.

Cumpra como bota, déjase de ter consideración, que calquera, hasta o menos malicioso, dirá qu^r e si non ten propiedades n-esses barrios parece que lle

encargaron que non transitaran por eles, ou que son parentes, non d' os infelices habitantes, sinón d' os donos.

A Providencia, que sabe o modo que teñen de cumplir todal-as xuntas en xeneral e a nosa en particular c-o seu cometido, non quixo poñelas n'un apredo e deixou o vrau pra mellor ocasión a ver si pra d' aquela pode vir sin peligro d' a salú púbrica.

Démoslle, pois, as gracias, en vez d' acriminala pol-o tempo q' ie nos está mandando.

UN VIAXE O PAÍS D' OS CHINCES.

Vede aquí un país, queridos leitores, non descrito ainda por ningun xeógrafo nin mentado n-as novelas de Xulio Verne, e ó que non chegou ningun sabio esprórador nin pisaron quízais os pés d' o infatigábel viaxeiro D. Adolfito,

Tratándose d' os chinches, é de supoñer qu' a latitude de seu país non escederá, por exemplo, d' a d' España; que como n-esta un sol sin telarañas verte á promover seus ardentes rayos sobre o chan e enriba de tolos bichos que n' el susténtanse, infundindolles unha sangre queimona e alritable, esa que sóe chamarse con moita propiedá *sangre de chinché*; pode tamen supoñerse qu' a capital d' este hasturado desconocido país é un poblacion grande como Madril, poño por caso, co-a mitá d' os seus edificios vellos que recordan ainda a «francesada» e dan albergue á ducias de familias humanas e á millós de tribus de chinches que disputan o terrío á aquéllas, acometéndoas de noite en numerosos exércitos.

A esta capital arribei en despois d' un naufraxio cal novo Rovinson, atopándome ali con outros naufragos mais que me tomaran a dianteira e qu' ainda andaban co-as taboas salvadoras ó lombo, pois é d' adevirtir que n' aquela terra solo prosperan os chinches: ó avistala de lonxe quedei deslumbrado pol-a sua manitu e por certo efecto de relumbrón que non m' esprico, maximando que debía estar habitado por unha raza superior.

Como chegusi de noite non poílen saber si m' había alquivocado ou non; o que si hotei de ver foi qu' a maior parte d' os transcuantes non debían facer moita sombra nin pol-a talla nin pol-as carnes; busquei e dirionme albergue n' unha pousada, donde unha vez ben cenado e mal deitado e habendo prendido n' o sono, despertai ó pouco rato cramendo á Dios e á miña nai, pois sintin como si m' estivesen traspasand' o coiro con aguilladas; alcendin a luz pra ver a cara ó enemigo e defenderme si podia,

cando bote de ver con espanto qu' as paredes, techo, piso, cama e roupas desaparecian tras d' unha capa de chinches que se mantíñan diante de min quedos e seréos como si a confianza n-o número lles disese ánemos pra sostér a batalla qu' escomenzou ben axiña.

Namentras qu' armado c-o meu garrote escomenciei á repartir leña á dereita e á zurda, berrei pol-a patrona con tod' a força d' os meus pulmós, remanecendo ésti en roupas menores e colléndome á min c-o traxe mais aliviado que se coneceu n-os tempos vellos e novos.

—Sínora, —dixenlle; —vosté engañooume ó díxerme que n-amiña habitacion non había mais huéspede qu' eu cando somos millenta e a sua nai; ou me destina outro carto ou non lle pago.

—Que non me paga? Eso habiamelo de ver. ¿E todo por qué?, . . . por tres chinches que pode haber; pois ha de saber qu' aquí nin o rey escúsase d' élles.

—Tres chinches, eh? Vosté contaráse á sí mesma, seu home e a criada, e non falará d' este enxamio que temos á vista.

—¿A min alcumes? Agora verás, o chinches que somos as mulleres de por acó.

E xuntando a aución ás parolas veuse á min dentes e unllas, e como me colleu d' aquel xeito concluiu d' esgazarme o coiro; pro non raro aquí o conto, sinón qu' acudindo ó ruido que facíamolos dous liados cantas persoas había n-a casa chimpáronme fora despois de moerme as costas e facerme pagar un hospedaxe que me quitaban.

Andiven un bó anaco rañándome as ronchas que me fixeran os chinches e ó revolver d' unha esquina doume de bruces con outro, digo, c' un home perquerrecho e cascarrabias que de moita presa viña cara á min; chámame animal, eu chámolle besta, liámonos os dous e ambo, rodamos pol-o chan d' o que nos ergue á paus un d' orden púbrico pra levarnos á prevención donde de novo entabrei relaciós c-os chinches.

A. V. T.

(Continuarase).

CÁNTIGAS

BOA FEIRA!

Quen vai á festa
rómperill' a testa
e perde o que ten,
boa festa lle ven.

(Popular.)

J.
Salin eu d' a miña casa

un lus, pol-a mañan cedo,
á cabalo d' o meu face.
qu' é lixeiro com' o vento.

Levaba n-a iniña alforxa
un lacon chásque enteiro
unha bola de pan trigo,
un bon anaco de queixo
e unha calaza con viño,
un bó viño, viño vello.

N'a bursa leva' a cartos
para mercar un xuvenco
n'a feira qu' o viñt' e seis
hai á caron de Lestedo.

Puxen o faco en camiño,
e cada chegando xa preto
de Marrosos, arredeime
pol-o medió d' uns centeos
e-o fin de pillal-o atallo
e chegar á feira fresco.

Arrecadei o meu faco,
pois o chan é moi barrento,
e estoncés pidium' o corpo
botar un grolo, e boteino.

II.

Eran así com' as oito;
moi ausente astaba o tempo.
Chiaban os paxariños,
o sol douraba os penedos:
entr' as herbas d'a cortiña
rebule a auga d' un rego.
Sobr' as follas d' os carballos
d' as silvas, d' os castiñeiros,
moitas pingotas d' orballo
que denoite foi caendo,
rellocian, cuasemente,
como estrelas, desde lexos.
O ver tan garrid' o campo
ipardiolas que daba xenio!

III.

Chegand' ó pé d' un muíño
vin, sentada n'un portelo,
a rapaza mais garrida
qu' á terra botou o céo,
Unha cariña mais branca
qu' un limpo pano de lenzo,
uns ollos qu' alumeban
mais qu' a lúa de Xaneiro.
Cando cheguei cabo d' éla
dixenlle:

—Lóvem' o demo
si vin ollos mais garridos
qu' eses ollos qu' estou vendo;
nin boca mais pequenña,
nin uns labres mais bermellos,
nin un corpo mais xeitoso,
nin unhos pés mais pequenos.
¿Cómo te chaman, roxiña?
—Cando estou moi lonxe á berros
—Seique tés gana de lerla!
Fala, nenicha, ¿tés medo?
—Bóo!.. xa sei que me non comes
pois teño duro o pelexo.
—Non molas, dim' o teu nome.
—¿Pra que queres tí saberlo?
Pois o mesmo que me puxo
demais de nacer, o crego.

Vaya, sigue o teu camiño
pois aquí perdei o tempo.
—Abofellas! ¡vaya un conto!

Vidiña, non che dou creto.
¿Serás brava como un toxo
tan garrida cara tendo?

Vamos rapaza, sé boa,
e díme axiña, n'un verbo,
cal é o nome que n-a pia
os padriños che puxeron.

—Pois ben; chámome Xuana,
Marica, Pepa, Remedios,
Cristoba, Esteva, Farruca,
Catuxa...—Tou, tou, ¡qué deño!

Dí que te chamas prenóstico
e mais presto acabaremos.
Pero, miña filla, abasta
de parolas, que xa lelo
me volves; fala ben, nena,
dim' o teu nome, de certo.

—Boite! pois chámome Andressa.

—Dende agora lle prometo
á San Andrés da Teixido
unha festa n'este inverno.

Agora pois, miña xoya,
vamos, qu' inda teño tempo,
á botar xuntos un trago
e ademais un par de netos.

—Dios ch'o pague, mais non como
non tendo conocemento...

—Va, va! Déixate de contos;
un bon lacon aqui levo,
pan e queixo, e levo un viño
d' aquél que dá folg' ó peito.

IV.

Por fin, foi aquela nena
Poneo á poneo amolecendo;
Col'in as miñas alforxas,
Comimos como doux nenos
E botamos uns bons tragos
D'aquel viño milagreiro.

Oímos tocar ás doce
N'a parroquia de Lestedo
Estabámos tan adiante...
Chegarammos á poñernos
tan maduros como figos..
Cando (quixerá esquenecelo)
Apareceron doux mozos
Fórtes como doux esteos,
E botáronsem' enriba
Mallando en min tan á éito,
Que, préstos, n'o chan cainme
Perdend' o conocemento.

V.

¡Moi escura estaba a noite!
Recordei... e tiven medo,
Cando volvin a o sentido.
C'os meus ollos entrabertos.
Alembreime de Andresiña,
D'os que o corpo me moerón,
D'o meu faco, d'as alforxas,
D'a bursa d'o meu diñeiro.
Cacheéime... nin un carto:
E nin faco, nin alforxas;
Todo foi á dar ao inférno.
Erguinme, non sia traballo,

Con tan negros pensamentos
O corazón tan ferido,
Tan doridolos lomedros,
Que caminar non podía.
Aquí cayo, aló tropezo,
Poiden chegar hast'a casa
Cand' estaba amanecendo,
Atirisido de frío
E bén quent' o meu pe'exo.

VI.

Deprendan todos de min
Os rapaces d'estos tempos.
Quén quixer coller a froita
Que s'atopa no hórto alleo,
Perde, coma min, a besta
As alorcas, o dñeiro;
E, de contra, sac' o corpo
Que mesmo da noxo velo,
Con misis paus, que léva o liño
Para tirarll os tementos.

Benito Losada

INDICACIÓNS

A eses rapaces que de si prendados
aspiran ó diutado d' esquirtores
e sin térs os sens fins xustifiñados,
mortifican ás prensas con *primores*
feitos á prazos e d' unha ves dados
para qu' os sabordén os lentores.
seguidé o meu consello paso á paso,
perdoarllles e non lle fagás caso.

Co'as mocinhas que vénndose fermosas
por obra e gracia d' óptica ilusión
crén unha carga seren virtuosas
y-exercen por costume a compasión,
facendo a un e outro avariciosas
pormesas que realizan con tesón,
tratai de que chegue voso afán ó ocaso
mais dempois d' esto non lle fagás caso

Os homes que un dia e outro dia
se queixan da enquina d' os gobernos
por qu' esquençen o que lles valeria
para facelos n-o poder eternos,
si xusticia reclaman a porfla
y-empoleirados fan á d' os infernos
as consideraciós poñendo a raso
ai é qu' os ouvides non lle fagás caso

Y-a tod' o que c' o crítico escalpelo
alcontra sempre o mal en corpo alleo
sin térs en conta que tan louco anhelou
non satisfai d' a crítica o desejo,
como ignorante é forza desposeelo
de tan difícil importante empreo,
cantarlle a palinodia por si acaso
y aunque ourcare non lle fagás caso

R. Pesqueira Crespo.

Madrid.

DISGRACIADOS

I.

¡Qué noite aquela, gran Dios!

¡Qué noite da chuvia e tronos!
Espántame soasmente
C' aquela noite o recordo.
De cando en cando alomeábase
O eeo con algun lóstrego,
E case no mesmo instante,
Estralaba un ronco trono.
Alá... moi lonxe,... moi lonxe
Oianse oubeal'os lobos,
Y-o vento desperguizábase
Entre os carballos y-os sountos,
E corria... é retorciase
E voaba com'un tolo.
Po-lo camiño real,
Iban caido de sono,
Unha muller enfermiza,
Con un meniño n-o colo,
¡Disgraciados! Aquel frío,
Que lles traspasaba os hosos,
Arrancáballes mil bagoas,
Qu' escorrían d' os seus ollos.
E xa moi cer a... mei cerca....
Oianse oubeal'os lobos
E os seus ollos alomcaban
Eiqui y-acolá n-os sountos
A nai apertaba ó fillo,
Contró seu delgado corpo
E decíalle: "fillío,
Vannos á come-l'os lobos,"
"Eu querio, querio pan...."
Dille ó fillo—"Y-eu non podo
Darcho, per que non cho teño.
Nin unha adentada solo
¡Teño fame!... ¡Teño fame!"
Repete o neno entre choros
Y-a nai chorando contesta
"Non podo.... fillo.... non podo!"

II.

Postos n-o lombo os zapatos,
N-a punta dún groso pau
Iba ó d'a tía Antonia,
E detrás iba ó seu can.
De cando en cando volvia,
O mozo, os ollos atrás,
Y-unha baga l'escorría
Dend'as menixelas ó chan.
Limpaba Xan a bagulla
Co-aquitela callosa man,
E non ben esto facía
Miraba dimpois ó can
E decíalle moi triste
"Adios Fiel volvete xá.
E cando chegues ás chousas,
D'o noso probe lugar,
Haslle de decir á todos,
Que xa non m'hán de ver mais.
Levo metido n-o corpo
Que n-a guerra m-hán matar
Haslles de decir á todos,
Que lle pide por Dios Xan
Que lle recen unha salve
Que n-a guerra ó van matar,
¡Adios adios amiguiños!
¡Adios queridiña nai!
¡Adios Farruca da alma!
¡Adios mozas d-o lugar!
¡Adios todos, adios todos!
Non vos volverei ver mais

Levo metido n-o corpo,
¡Que na guerra m-han matar!

III.

O dór d-a nai que ve o fillo
Chorando pedirlle pan;
O d-o fillo que soliña
Deixa n-o lugar á nai,
E vai á guerra é unha bala
Veno por fin a matar,
Non é nada en comparanza
C-o padecer é penar.
D'o probe fillo que perde
Para *¡sompres!* á sua nai....
Mais... calo porque o silencio,
Fala mais que o mal falar.

Jesé Alguero Penedo.

Ó MÓR D' A LAREIRA

PIRMICIRA COMFISSION.

PRÓLOGO.

Manuela tén doce anos, y-é unha nena d'as mais boniteiras d' a vila.

Seus pais, que son moi relixosos, alcontrábanse non sei como porqu' a nena non se confesara ainda.

Unha tarde sua nai, á señá Pepa adivirtiu á Manuela qu' á mañan siguiente debía d' ir dicir seus pecados ó Frade Xacome.

Un cabo d' o reximento de Luzon, amigo d' a nai sostiña qu' *habia tempo*, pr' o cabo tiña n-a causa fama d' *herexe*, é naide lle fixo caso.

A nena contoull' ó conto á Delores, rapaza amiga sua dende a edá de catro ancs.

Alcerráronse xuntas; falaron, por certo duas horas, e dempois Delores saiu d' o cuarto deixando á Manuela sóila. Os ánxes d'o ceo com' as volvoretas, veaban sobr' a sua frente serea, c-a poreza d' a nena n' halía lexugado nengún pensamento malino.

EXAMÉN DE CONCENCIA.

1

Manuela falaba d'esta maneira:

«Perguntarame si faltei ó represo de meus pais y-eu diréille que non.

«Perguntarame si xurei o nome de Dios *en vano*....

«Digo eu penso que será tod' o que me fale: iporqu' os pecados q' un fai ó diá son tantos!...

Onte dixen que me doia a cachola n-o istante d' a fuliada... porqu' as *fuliadas* pañenme ós nervos...

«Marmulei d' o dengue de Sabela de Galdan.»

«Todo esto teño que decirlle.... ¡E que mais?»

¡Ah! x' o recordo: que desobedezo a miña nai cando me manda irme cedo ó leito.

«O derradeiro mes caeume o pan no chan e non-o biquei.

«Hoxe cheguei tard' á misa....

«Que mais, que mais....?»

E Manuela durmeuse poñend' os pecados en ringuleira....

II

DESPERTOU.

A outra mañan, á nena e amiga foron a irexa.

Y-esta quedouse un pouco lonxe, namentras a rapaza chegaba sua preciosa cabeciña á reixa d' o confesonario.

A amiga ouservaba que Manuela volviase de cando en cando á mirala de tal maneira que cada olleada parescia unha pregunta.

Oíuse que decía: «Si padre» e drento d' o confesonario oubias* un ruido qu' espresaba espanto...

Manuela acabouse de confesar e volveu cabo d' a sua compañeira.

«E que iál? dixoll' esta en gallego, e Manuela respondiulle:

— ¡Botoum' unha penitencia atrós...! Unha penitencia longa, longa. Perguntoume unha chea de coisas qu' eu non sei o que senifian.

— Pro, ¿perguntouche *sobre* *aquel*...

— Eu n-a dúbida, respondiull' á todo que sí

— Pro... dixéchelle...

— Cala muller, cala; cu, os demos me leven si soupen nunca...

N-este istante pasou o *pergoeiro* botand' o bando e-o roido d' o tanbor apagou á vos de Manuela...

III.

HAY TENPO.

Duraute tod' o dia o pai e-a nai d' a rapaza suxian d' ela.

Unha tía que tiña alcerrouse n-o sobrado dicindo que lle doian as moas.

A amiga qu' estaba cabo d' a dona, sofriu mil perguntas n' a nosa lingua, dicindo sempre que nada sabía d' o froito d' a confeson.

O cabo segundo chegou á hora d' o xantar. A nena achegou á el n-a testa dicindolle:

— ¿Que quer dicir... *tal cosa*!

Pechou os ollos ó cabo de Luzon, ó tempo qu' a familia chegaba pra comezal-o xantar, e dixiando s' ó pai de Manuela, dixolle:

— ¡Non cho dixen eu, qu' *habia tempo* . !

O pai, ind' á un lado; contestoulle.

— Escoita: ti qu' andiveches pol-o mundo, ti qu' eres un pouco leido é sabes moi ben onde tel-a man direita contestall' ó que seipas ou poidas. A min non me está ben, é a moral d' a casa non o permite.

UN SONO

(Conclusion)

Aquelhas palabras caeron sobr' o meu corazon cal se fera promo derretido; ademais conocin que tiña razón a h-rmosa nena, tales formas non podian prestarse ó oxecto á qu'eu queria desinalas, eran como os canastelos de neve que se desfan o' noso contauto, ou como as pinturas d'as abelaiñas ó quedar entr' as rudas xemas d'os dedos d' o mortal.

A pesar de todo é d' a reaucion que esperimentei, eu non era dono de separarme d'aquel ídolo, sua mirada grileira penetrabame hastr' o espírito dándolle cen mil voltas, atraime hacia si como un iman, por que adiviñaba en ela á sintesis d' unha dicha incomparabre.

— Ai miña prendiña!, dixen arroxandom' os seus pés, fame un agarimiño d' o teu lado é fai estes momentos eternos qu' é a' unea gloria a' que aspiro; non quero mais deleites qu' o mirarte, escoitar esa vos armoniosa, aspirar esa tenra ademósfera que te rodea. Destonces ela estendeu as maus sobre a miña cabeza é dixo: Recibe de parte de Dios as gracias de ese cariño que che acabo d' enfundir, é comprende que é xeneral entre todos os habitantes de este mundo, todos nos amamos d' esa maneira sin distincion de edá nin seuso. Calou e continuou c' as maiñas só os meus rizos que acaricia ba cal se fora unha nai o seu fillo, y-aquelas mas parecian fresco algodon é despidian un fruido saudabre qu' apoderandose d' os nervos inoculaba n' os meus sentidos a verdadeira felicidá que n' a terra xamais soñára.

Non sei canto tempo parei ali porque as horas voaban y-os dias sucedianse sin que me desprocataste d' elo, aleontrabame sumido en un placer tan inmenso que xa a imaginacion se hachaba dormente é concret' a quella situacion creendo imposible dicha maor. Asi quedei extasiado, cando volvin d' o letargo desapareceu a bela d' o meu lado; sabe Dios canto habia padecido xunto de min, miserabre peregrino cheo d' a rain lepra collida entr' a humanidade! mirei en derredor é foi moit' ó meu espanto ó divisar á prodiga Naturaleza, axudada polo inxenio d' os mouradores d' a quel planeta; ali perdiase ó gusto, estensas grutas d' elevados álbres parecian tocar aquel ceo azul de cote, estendendo n' o ete a sencia das froles abigarradas d' o seu producto, baixo estas, caprichosas arbostos de distintas formas despedindo frescura é hulidos encantadores regaban c' a sávia as douradas herbas que cal rayos de sol trepaban polo seu trono abrenxendo coidadosamente, ó

piso era unha dilatada alfombra enxoita é branda, donde á pranta hollaba desnuda, sin temor á humidade nin os vichos, á lúa de tres soles realzaba aquela prespectiva céleca n' habia tarreo inculto de ningunha crase, certos animás parecidos ós monos eran os labradores d' aquel rico pais querbad' é pintoresco. Levanteime d' o chan estimulado por tanta grandeza, volví os ollos á Deus é con sonrisa n' os labres y-uu amor extraño n' o corazon dixen; Bendito seas Deus Omnipotente, velaqui tes unha criatura que te adora como nunca, eu son d' hoxe mais ó que alcanza ó sublime honor de chamirte meu escravo! Bendito, bendito seas Pai queridíño! Feita esta oración ainda me hachei com mais alegria, quixen recorre tod' aquel horizonte encantador, pró ó ir a vota-los pés vin que, sin molestarme en d' r paso tras paso, era conducido por so- alfombra com' a lancha veleira riba de tranquilo lago Non sei d' est' nces ó que puiden contemplar soamente que cando me creian feit' un d' os espiutus benaventurados de que falan os poetas n' os momentos d' inspiracion escoitei estas palabras d' amarga realidade: Carlos, Carlos; aquí tienes el chocolate, levantate que ya dieron las nueve. D' aquela despertei mirei pr'a desauno, cal se fora unha pócima, é volvin á cerra os ollos pro eu xa non reconcilie ó sono; ó fin tuvén que poñer de punta é vestirme interin decia: que gusto é soñar, que vida mais boa debe ser á d' os mortos!

CARLOS POL CAAMAÑO.

FUNGUEIRAZOS

O noso apreciábre colega "El Escobón de Bentanzos", tomou por broma un solto que publicamos n-o número pasado, sobr' o alumbrado sin facerse de cargo qu' a qui tamen querianos poñer coma estuveron eles o ano pasado, pois non se tratava d' us cantos farós sinon d' a terceira parte d' o alumbrado.

En canto que di d' un señor EDISON, nasoutros non-o conocemos nin é fácelo que veña (si é algun viaxeiro) por aqui en moito tempo, por mais que trata de chamal-se señor Fáriña.

Hai quen asegura que coma é americano non se leva ben cos franceses.

Non sabiamos que se había dad' órden pra qu'a guardia civil non salira as estaciós lo paso d' o tren-correo, hastra qu' o notamos estoutro dia na estacion de Bentanzos por facer falla, e dixerones que xa había moito tempo non se vi uniforme de ningunha cras á hora d' o Correo an pasearse bisease c' un candil.

— Por que non dispon o comandante d' o posto de Bentanzos que suba unha parexa de noite si quera os domingos?

O señor don Antonio Vazquez, diputado por Bentanzos, non virá como todolos anos a pasar a temporda de vrou entre nosoutros, hastra que consiga se publique

na Gaceta, a real orden concedendo á academia perpatoria á aquela cibda. Así nolo asegurou persona qu' está ben informada.

Nada mais escaudaloso qu' o que pasa na praza d' abastos.

A unha señora que mercou un pouco pescado puxeronla de volta e media porqu' a moneda con que pagou non lle parecia boa á pescadeira.

Despois de traella d' Herodes pra Pilatos e convencidas de qu' a moneda era boa deixaronla marchar pro deantes botáronlle mais responsos d'os que bota un crego en entero de rizo.

Os municipás, coma sempre, facéndos' o tonto e poñéndose de parte de quen lle parece, teña ou non teña razón. Pro eles sempr' a teñen e poderosa pra facer o que mais lle convén.

Parce qu' a cousa non queda com' adoita, pois aseguraronos que pasará o xusgado, pra que sirva d' escarmiento.

Sesión municipal d'o lus.—Baix' a persidencia d' o señor García Collazo, asistiu os concexás señores Lamela, Villardefrancos, Golpe, Meroño, Blanco e Pardo Gonzalez, douse comenz' a sesión municipal ordinaria, pois non habendo mais que dous asociados non se podio celebrar a d' a xunta pr' a que se había convocado.

Aprobad' a auta d'a sesión anterior, leus' unha comunicación d' o gobernador civil, desestimando a terceria interposta por don Jose Tatoada pol-a custión d' o desfalco, e outra de don Enrique Alsina, referente a pertensión d' o auntamento, pr' a condonación d' o débito que ten solicitado d' o menistro d' Hacenda.

Procedeuse o sorteо por seuciós d' a nova xunta d' asociados, e foron designados señores siguientes:

1.^a seución.—Propietarios—Señores don Antonio Lino Martinez Pereira, Juan de la Pradilla Calviño, Jose M. Caruncho Becerra, Manel Fernandez Salgado, Manuel Ramirez Carvajal, Clemente Suarez Isla, Angel Barros Olando.

2.^a seución.—Vendedores de frutos coloniales o por maior—Don Francisco Ferrer, Manuel Madio e Fernandez Emilio Vidal Alonso.

3.^a seución.—Tendeiros de comestibles—Don Inocencio Sanz, Manuel Losada Prado.

4.^a seución.—Viños, augardentes, aceite e vinagre—Don Manuel Lopez Sanchez, Benjamin Pereiro Borrjo, Genaro Gonzalez Rodriguez.

5.^a seución.—Texidos, ferretería, louza e outros artículos—Don Juan Martos Galyán, Ildefonso Redondo Lago, Enrique Rodriguez Lopez, Atanasio Rojo Seoane.

6.^a seución.—Axentes, comisionistas, corredores e fabricantes—Don Manuel Santiago Castelo, Manuel M. Soto e Andres Soto Ramos.

7.^a seución.—Banqueiros—Don Jose Cardesuñer Grigra, Juan Carreras Preeas, Eduardo Atocha Vida, Jose Perez Laez.

8.^a seucion.—Tratantes, especuladores e vendedores de todas crases—Don Agustin Escudero.

9.^a seución.—Profesiós cevis—Don Antonio Herrero Rodriguez, Enrique Alvarez Losada e Jose Vilar del Valle.

10.^a seución.—Artes e oficios—Don Gregorio Ponte Mella.

Concedese licencia pr' obrar varias casas e despois d' unha lixeira descuseón, acordouse que s' entregue a cada maestro d' obras, un exemplar d' o bando publicado ultemamente o que contén as desposiciós a que se han de suxetar na construcción d' andamios.

O informe d' o alumbrado aléutrico d' o tiatrc, volven a quedar outra ves sobr' a mesa, pr' acabar mais axiña debiano metér debaixo. En canto sallamos d' o trafego d' un casamento que traemos entre mans xa andará o espedente pra diante,

En vista d' as queixas d' a prensa o señor Golpe pregunta si a persidencia dou orden na secretaría de non facilitar as noticias que se pedian e que non tiñan o carauter de reservadas.

Contestoull' o señor Collazo, qu' él (erémoslo) non había dad' orden algunha: pro qu' a daria pra que d' a qui en diante se faciliten todal-as noticias posibres.

Non habendo mais asuntos de que tratar levantou's a sesión.

IMP. DE A. AMENEDO PONTE.

Rua d' a Fita, núm. 7, Cruña

XASTRERIA DE JACINTO SEOANE

Cantón Pequeno, núm. 12, baixo

N-este establecemento confeccionase toda crás de prendas de vistir pra señores e nenos, con arreglo ó último figurín d' a moda e co-a perfección, prontitú e economía que ten acreditado con seus numerosos parroquianos.

Cantón Pequeno, 12, baixo

ANDRÉS MOSQUERA

Santa Catalina, 34, principal.

Se construyen dentaduras artificiales por todos los sistemas conocidos.

Especialidad en trabajos en oro.

A FULIADA

ANUNCEOS

PAPELERIA. LITOGRAFIA
E OUXETOS D'ESQUITORIO
M. ROBL,
54-Real-54

Compreto sortido en toda cría de papeis de fio pra oficinas—de folla longa pra pinturas e obras—bonitos papeis; papeles e comertos pra cartas—fintas, aguileiros, prumias e exerto fai folla n'os esquirtorios.—compretos y-alegantes útiles pra dibuxo, así como tamén artículos pra fumar.—Abondante sortido de libros moi euquios pra rezar n'a eirexa sñoras e sñoritas.—Libros con siguideiros pra contas.

Ista casa conta n'os seu espacioso taller c'unha dúzia de rapaces, uns que rascan n'as pedras facendo bonitas cousas e os lapiceiros d' aceiro, y-outros que fan botar d'as máquinas follas abondo con vistosos cores; e o mesmo fanse traballos pra oficinas civiles e d'os corpos armados, papeis e os timbres moldeados; empresos pra contas, libros siguideiros de mais ou menos follas, como fanse tamen moi boas TARXETAS brancas, de loito e con escudos d' armas ou outras alegorias. Etiquetas pra os feires, botellas de viño, cervezas e ytas tendas de medicinas. Letras de xiro, cartés, cartas co-a relación empresa pra non ter qu' esquivir tanto n'os comercios, esqueliñas pra noticear casamentos, e outras cousas que por ser moitas se m' esquençen.

54, calle Real, 54—A Cruña

MARIANO VAL E C.^A
Santa Catalina, 17

Viños d' Aragon, Castilla,
Blanco Chiclana, Riveiro
e Valdepeñas.

Viños de mesa como éles n'os atopades n'os pobo, dan forza ós convalecentes, curan o cólera morbo, ós vellos dan longa vida, ás casadas dán refolgo e se contan moitos casos de rasueitar ós mortos. E o secreto d' estas curas beber un neto d' un sorbo, e repitindo estas tomas pagar ben e pidir outro. Pra pifar entre comidas o Chiclana é como un ouro, e onte un vello qu' o catou saleu d' alí feito un mozo. NON MAIS CALVOS, qu' este viño fai medral-o pelo á moitos, si con magras de xamón dan unhas fregas ó estógamo.



ZAPATERIA BRIGANTINA

DOMINGO TENREIRO E C.

Rua de Iria, 12—A Cruña

N'esta conocida tanda, a que xusta fama abona, hay tanto a moda pertinada, bó e barato, qu' é perbenda n'estes tempos, segun sona!

Hastra d'o confín d'a terra veñen aquí os materiais; e aqui, co-a rutina en guerra, faise o calzado, á compás d' as nosíos qu' a cencia encerra.

Estética, Xeometría son mayestras n'os taller, director a Natomía, e dásse os pés outro sór e ó corpo mais gallardía.

GRAN TINTORERIA D'O PALENTINO

Calle d' Orzan, 68

N'este acredatado establecemento tíñese de todolos colores e quítanse toda clás de manchas ás roupas, así de sñoras como de cabaleiros; ademais lávause cobertos de lan, usados ou novos, dáselles o coor que queira e sácaselles o pelo; todo moi baratillo e co-a prefección que ten acredatado.

NON ESQUENCERSE.—Orzan, 68, Cruña.

F. G ACUÑA
—
ORBALLEIRAS
paseas gallegas e castellanas
—
Véndese aquí

A FULIADA

PREÓDECO SEMANAL D' ENTERESSES
MORÁS E MATERIÁS.

Sal á los todolos xueves

Precio de suscripción: —Oito cadelos pequenos ó mes

Número solto UN can grande

EMPRENTA

DE

A. AMEIXEDO PONTE

Rua d'a Fita, núm. 7

Faise aquí toda clás de traballos, ben e barato.